

Onte celebrouse unha reunión para aprobar o Plan de Formación para os meses de setembro a decembro. En *Galicia*, aplícase ás *Xefaturas Provinciais de Inspección de Telecomunicacións*.

A CIG non deu a súa conformidade polos seguintes motivos:

- O documento foi enviado a última hora da tarde anterior, o que non permitiu consultado coas traballadoras e traballadores para saber a súa opinión.
- Apróbase a mediados de setembro, o que vai facer que varios dos cursos non se poidan realizar, especialmente os previstos para decembro.
- Non recolle os criterios de selección agás para indicar os colectivos prioritarios que marca a lei (persoal de nova incorporación tras permiso de maternidade ou paternidade).

Tamén informaron de que se vai incorporar en servizos centrais unha persoa que vai ser a responsable de coordinar a formación no Ministerio, o que fará posible a mellora da xestión.

En canto ao contido do Plan, ten unha parte xeral, con accións formativas xerais (idiomas igualdade, xestión administrativa...) e outra específica enfocada por colectivos. Neste caso, hai unha parte específica para as Xefaturas Provinciais de Inspección de Telecomunicacións.

O Plan específico contén as seguintes accións formativas:

- CTER BÁSICO I – CONCEPTOS, ANTENAS, CTER MEDIDAS BÁSICAS
- PAIT TM - OBJETIVOS, NORMATIVA, TRAMITACIÓN, MEDIDAS, CASOS DE USO
- CTER BÁSICO II – ANALIZADOR, MEDIDOR CAMPO, CASOS DE USO
- INTERFERENCIAS TM EVOLUCIÓN